

Galicia Hoxe

GALARDÓNS Celda 211 e o seu protagonista, o galego Luís Tosar xunto con Lola Dueñas foron os triunfadores dos Premios José María Forqué

Un ano "excepcional"

A 'Medalla de Ouro' recaeu no produtor Julio Fernández que dedicou a distinción á súa Fonsagrada natal


E.P. - Madrid

A película *Celda 211*, do director Daniel Monzón, o seu protagonista, o galego Luís Tosar e Lola Dueñas, actriz principal de *Yo, también*, foron os triunfadores da noite na XV edición do Premio Cinematográfico José María Forqué, que cada ano recoñece o valor e a calidade das mellores producións do cine español.

A actriz Belén Rueda entregou o galardón da Mellor Película a *Celda 211*, dirixida por Daniel Monzón, nunha categoría onde competía con *Ágora* (Alejandro Amenábar), *El baile de la victoria* (Fernando Trueba), *El secreto dos tus ojos* (Juan José Campanella) e *Yo, también* (Antonio Naharro e Álvaro Pastor).

Así mesmo, o Premio á Mellor Interpretación Masculina, entregado pola cineasta Gracia Querejeta, recaeu no galego Luís Tosar, protagonista de *Celda 211*, quen se impuxo ós seus colegas Marc Soto, nomeado por *Petit Indi* (Marc Recha), e Ricardo Darín, por *El secreto de sus ojos*.

Pola súa banda, a actriz Lola Dueñas levou o Premio á Mellor Interpretación Feminina, que lle foi entregado polo director Javier Fesser. A protagonista de *Yo, también* se impuxo a Leticia Herrero, nomeada por *Gordos* (Daniel Sánchez Arévalo), e a Nausicaa Bonnín, que dá vida a Léa en *Tres días con la familia* (Mar Coll). A maior produción cinematográfica de animación que



O actor galego Luís Tosar agradeceu emocionado o galardón á Mellor Interpretación Masculina

||| **DESPACHO DE BILLETES** |||||

"O noso cine chega a todo o mundo"

Segundo o presidente de EGEDA, Enrique Cerezo, o cine español "lidera o despacho de billetes no país e chega a todo o mundo a pesar do difícil momento" que está vivindo o sector. "O noso cine enfróntase ás descargas en internet, que se estenden coma se fosen normais", afirmou. A gala comezou coa proxección dunha curta sobre da loita contra a piratería en internet e as posibles medidas contra "esta secuela".

se realizou en España ata a actualidade, *Planet 51*, dirixida por Jorge Blanco e escrita por Joe Stillman, foi galardoada co Premio á Mellor Longametraxe de Animación.

Á súa vez, Enrique Cerezo entregoulle a Medalla de Ouro do colectivo ó produtor galego Julio Fernández, presidente de Filmax. "Dedico este premio aos veciños da Fonsagrada, que non teñen cine pero que si fan uns butelos de cine", dixo.

A ministra de Cultura, Ángeles González-Sinde, asegurou que o cine español completou un ano "excepcional" e "expandirase" se se mantén "a conexión co público" que segundo ela se fortaleceu en 2009. "Podemos expandir o noso cine grazas, so-

bre todo, a que o único que lles sobra ós nosos artistas é talento", precisou.

González-Sinde destacou o gran ciclo de "crecemento" do cine español e defendeu os dereitos "de todos os traballadores do sector" na realización dunha película. "Ten que recoñecerse o esforzo, o enorme volume de esforzo que hai en todas as posibles etapas que pode vivir unha película, desde o momento en que alguén apunta o xerme dunha historia nun pano de mesa de papel ata a recollida dun premio. Han de respectarse os dereitos de todos os traballadores vinculados á cultura, digan o que digan algúns, incluídos algúns ex presidentes de comunidades autónomas", apuntou. ●

ALBERTO MARTÍN/EFE